



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MAÑÓN

Modificación bases execución orzamento exercicio 2021

O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 11 de marzo de 2021, adoptou o acordo de aprobación inicial da modificación das bases de execución do orzamento do exercicio 2021.

En cumprimento do artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, expónse ó público polo prazo de quince días dende a publicación deste anuncio ós efectos de reclamacións e alegacións.

Texto da base que se modifica polo acordo referido:

Base 34.^a.1 Retribucións membros con adicación parcial.

Alcaldía: adicación parcial, cun réxime de adicación mínima equivalente ó 50% da xornada establecida en cómputo anual para os funcionarios públicos. Retribución mensual bruta de 1.067,81 euros en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro.

Primeiro tenente de alcalde: adicación parcial, cun réxime de adicación mínima equivalente ó 50% da xornada establecida en cómputo anual para os funcionarios públicos. Retribución mensual bruta de 565,00 euros en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro.

A modificación das bases de execución considerarase definitivamente aprobada se durante o prazo de exposición pública non se presentan reclamacións.

En Mañón, a 12 de marzo de 2021.

O alcalde

Alfredo Dovale Pedreira

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MAÑÓN

Resolución de recoñecemento de dedicación parcial

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 22 de novembro de 2019, aprobou o orzamento e as bases de execución para o exercicio 2020.

Na base 34.^a relativa ós estatutos dos membros da Corporación dispónse que se designará o primeiro tenente de alcalde cunha adicación parcial.

Fixadas as retribucións correspondentes dentro da consignación global contida no orzamento,

En virtude do exposto RESOLVO:

PRIMEIRO.–Recoñecer a adicación parcial do primeiro tenente de alcalde, D. Alfredo Dovale Pedreira, a partir do día 15 de xaneiro de 2019, cun réxime de adicación temporal mínima equivalente ó 50 % da xornada establecida en cómputo anual para os funcionarios públicos. Retribución mensual bruta de 1.104,57 euros en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro.

SEGUNDO.–Realizar as xestións necesarias para efectuar a alta na Seguridade Social.

TERCEIRO.–Notificar persoalmente a presente resolución ó designado e proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

CUARTO.–Dar conta deste decreto ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Mañón, 14 de xaneiro de 2020.

O ALCALDE

Alfonso Emilio Balseiro Gómez

2020/1589